



Sindicato de Estudiantes

Conferencia de Galiza

RESOLUCIÓN

PODEMOS REMATAR COA LOMCE E OS RECORTES POR UNHA FOLGA XERAL DE 72 H. DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

Wert e a súa política educativa na corda frouxa

Cando Wert chegou ao ministerio de educación, da man do PP, as súas intencións eran claras: lanzar una política de recortes á educación pública e aprobar unha contrarreforma educativa no ensino medio e na universidade para finais do ano 2012.

Esta política foi respondida nas rúas por centos de miles de mozos e mozas de todo o Estado nas 3 folgas estudiantís de 72 horas que convocou o Sindicato de Estudiantes. A esta mobilización sumáronse, con folgas de 24 horas pais, nais e profesores indignados coa política educativa, a prepotencia e a arrogancia deste ministro nostálgico do franquismo. A última mobilización conxunta, o 30 de Novembro, congregou en Madrid a milleiros de estudantes, pais nais e profesores de todo o Estado para esixir a retirada da LOMCE e dos recortes.

Grazas a todas estas mobilizacións a aprobación da LOMCE retrasouse un ano. Ademais, o ministro Wert e a súa lei franquista están completamente desautorizados entre os mozos e os traballadores de todo o Estado Español. Wert é o ministro peor valorado da historia da “democracia” e, neste momento, pende dun fio. A debilidade do ministro manifestouse claramente cando, a pesares da súa maioría absoluta, tivo que renunciar a endurecer a LOMCE no Senado, como pretendía o PP, por exemplo, introducindo o adoutramento relixioso dende os 4 anos. Tamén nesta liña o propio goberno e a UE tiveron que desautorizar a Wert e obriga-lo a retirar o decreto que recortaba as bolsas Erasmus.

Se Wert aínda non dimitiu é porque o PP é consciente de que unha vitoria no terreo educativo animaría a todos os sectores afectados polos recortes do PP a loitar unidos e contundentemente contra a política do goberno, algo que non poden tolerar.

Por unha folga xeral de 72 horas de TODA a comunidade educativa!

A LOMCE está condeada a morte. Ante a presión social, os partidos da esquerda da oposición firmaron un pacto para derrogala cando o PP sexa desaloxado do goberno. Porén, no pasado, tamén os dirixentes do PSOE prometeron derrogar a odiada Lei Orgánica de Universidades (LOU) se chegaban ao goberno. Unha promesa que non tardaron en incumprir aprobando unha LOU que, era, en esencia, a mesma que a do PP.



Sindicato de Estudantes

Conferencia de Galiza

RESOLUCIÓN

Estudantes, pais, nais e profesores non podemos esperar a un novo goberno para frear os ataques ao ensino público. Debemos paralizar agora todos os ataques no terreo educativo: LOMCE, decreto de bolsas, tasazo, decreto contra o galego, recortes de profesorado, presupostarios, etc.

Podemos derrotar a Wert se ampliamos e profundizamos a nosa loita. O noso modelo é o do profesorado de Baleares. Por iso **facemos un chamamento á CIG, CCOO, UXT, STEG e CONFAPA a comezar o vindeiro 2014 cunha nova folga de 72 horas de TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA** como primeiro paso para un programa de mobilizacións cada vez máis contundentes até que o goberno retire todos os ataques e o ministro presente a súa dimisión.

SI SE PODE!

NON Á LOMCE E A TODOS OS RECORTES!

WERT DIMISIÓN!

**PROFESORES, PAIS, NAIS E ESTUDANTES UNIDOS E
ADIANTE!**

**FOLGA XERAL DE 72 HORAS DE TODA A COMUNIDADE
EDUCATIVA!**